

# Concello de Vimianzo

## MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 04/04//2014

Na vila de Vimianzo, ás nove horas do día catro de abril de dous mil catorce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde  
D. Fernando Mancebo Amigo  
D.<sup>a</sup> María José Ramos Rey  
D. José Trillo Lema  
D. José Antonio Miñones Riveiro  
D. Manuel Soto Pérez  
D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez  
D.<sup>a</sup> María Carmen Hermida Tomé  
D. Ramón Santos Vázquez  
D. José Manuel Rodríguez Blanco  
D.<sup>a</sup> Montserrat Vázquez Miñones

Ausentes:

D. José Manuel Pérez Trillo  
D. Juan Carlos Amado Sambade

Secretaria: D.<sup>a</sup> María Cristina Varela García  
Interventora: D.<sup>a</sup> Gema Leal Insua

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

### 1. Aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Vimianzo para o ano 2014.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, reunida o 25 de marzo de 2014, do que se transcribe literalmente a parte dispositiva:

“(…) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do BNG e tres abstencións de PSOE, IxV e PP e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Vimianzo para o ano 2.014 que consta dos seguintes documentos:

#### LIBRO I.- DOCUMENTOS DO ORZAMENTO.

1. Estados de Gastos e Ingresos, integrados á súa vez polas listaxes proporcionadas pola aplicación informática empregada na levanza da contabilidade.
2. Bases de execución.

#### LIBRO II. INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

3. Memoria da Alcaldía.
4. Informe económico - financeiro.
5. Anexo de investimentos.
6. Anexo de persoal.
7. Estado da débeda (estado de previsión de movementos e situación da débeda).
8. Liquidación do orzamento anterior e avance da corrente.

## 9. Recoñecemento extraxudicial de créditos que acompaña ao Orzamento.

Xunto cos informes de Secretaría e Intervención.

SEGUNDO.- Aprobar o cadro de persoal deste Concello para o ano 2.014 coas modificacións propostas aos representantes do persoal.

TERCEIRO.- Anular as modificacións de crédito por transferencia TC/01/2014 e TC/03/2014, ao entenderse xa recollidas no presente borrador de orzamento para o ano 2014.

CUARTO.- Expor ao público o orzamento aprobado inicialmente mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que durante o prazo de 15 días os interesados poidan presentar reclamacións. O orzamento se considerará definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

O alcalde explica o motivo deste pleno: que quedara sobre a mesa no pleno ordinario celebrado o 29 de marzo, a petición de varios concelleiros, co obxecto de entablar un diálogo político. Di que hai catorce días que os concelleiros teñen no seu poder a documentación deste asunto, e houbo tres momentos para intentar un acordo: o 25 de marzo na comisión informativa, o 29 no pleno e o 31 na xunta de portavoces que convocou a tal fin, e incluso hoxe teñen un cuarto momento para chegar a un acordo se hai vontade.

Respecto da xunta de portavoces, di que dous portavoces non acudiron. O PP contradecíndose, porque chamou á súa secretaria ás cinco da tarde do día 25 e dixo que estaba na casa pero consideraba que a reunión non se convocou con tempo suficiente, e sen embargo mandou un correo electrónico dicindo que non podía asistir por motivos laborais. Di que por parte de IxV non acudiu ningún representante, e trasladaron por correo electrónico ao alcalde e aos medios de comunicación unha serie de propostas. En ningún momento plantexaron facer noutra data a reunión, pois de facerse teríase en conta. Explica que nesa reunión fíxolle unha serie de propostas ao representante do PSOE para que votara a favor, en relación co dito polo seu voceiro no pleno respecto da creación dun grupo de protección civil. Respecto das propostas de IxV, considera que para chegar a acordos ten que haber propostas que sexan posibles. Non sabe a que ven introducir propostas alleas ao orzamento. Pide que a interventora rectifique se erra no que vai dicir: que modificar unha ordenanza como é a do IBI non se pode incorporar nos orzamentos, ou incluír o remanente de tesouraría para gastos xerais. Entende que estas propostas mostran que non hai vontade de diálogo porque saben que o alcalde non pode comprometerse a incorporar todo isto. Pregunta á interventora se está dicindo mentira.

A interventora sinala que o alcalde consultoulle onte este tema, e explica que o artigo 104 do RD 500/90 di o seguinte no apartado 4: que en ningún caso o remanente de tesouraría formará parte das previsións iniciais de ingresos nin poderá financiar en consecuencia gastos dos créditos iniciais. Explica tamén que a Lei de estabilidade orzamentaria establece uns límites sobre como utilizalo, e vai emitir informe nese sentido. Manifesta que a utilización do remanente sempre ten que ser vía modificación orzamentaria. Respecto á modificación da ordenanza, no orzamento hai unhas previsións de ingresos e unha memoria, informe técnico-económico que explican en que se basen estas previsións, e o procedemento de modificación dunha ordenanza é diferente ao de aprobación do orzamento.

O alcalde di que para negociar hai que plantexar cuestións que se poden incorporar, e que non busquen a deriva económica do concello, porque o teito de gasto non o marca o alcalde, ven imposto por lei, e as consecuencias de incumprilo son moi negativas: plan de axuste, aumentar a



## Concello de Vimianzo

presión fiscal, etc. Con esta proposta están obrigando a que se adopten estas medidas o ano próximo. E despois hai outras cousas: se pretende que renuncie a ter soldo e unha persoa de confianza... eso non é un diálogo, é unha moción de censura encuberta. A oposición sabe que os orzamentos son un medio esencial da acción do goberno, e trata de impedir a súa aprobación, non chegar a acordos. Afirmo que o lexislador busca que os gobernos en minoría non se vexan bloqueados, e eles xa no 2011 utilizaron un mecanismo a través da cuestión de confianza, mecanismo democrático en canto froito da vontade do lexislador. E tamén saben que a reforma local prevé outro mecanismo de aprobación do orzamento cando non hai capacidade de chegar a acordos, por eso intentan que non se voten estes orzamentos. Polo tanto, anuncia que vai someter a votación estes orzamentos, que considera profusamente explicados, sendo hoxe a cuarta vez que se explican.

O Sr. Soto Pérez intenta intervir para pedir un turno de intervencións.

O alcalde pide que non lle interrompa cando fala, e faille unha primeira advertencia.

~~O Sr. Soto Pérez~~ pide novamente un turno de intervencións.

O alcalde faille unha segunda advertencia e pide que respete o seu uso da palabra. Repite que se fixo unha profusa explicación dos orzamentos: a primeira delas na comisión celebrada o día 25, onde IxV nin fixo preguntas nin formulou propostas alternativas; a segunda explicación, de máis dunha hora por parte do alcalde e tenente de alcalde, foi no pleno do día 29, e a súa proposta foi que quedara sobre a mesa porque había que buscar un acordo; e unha terceira na xunta de portavoces, á que IxV declinou asistir. Polo tanto non vale dicir que non se explicaron os orzamentos, porque se explicaron detalladamente, porque agora o debate xa non é dos orzamentos, tratan de obstaculizar e evitar que se empregue a vía prevista polo Congreso para sacar adiante o orzamento.

O Sr. Miñones Riveiro repite, coma no pleno anterior, que se vai abster, porque son os orzamentos do equipo de goberno. Recoñece que na comisión chegaron a un principio de acordo sobre a cuadrilla do Grumir, e cando se empregue o remanente para esta finalidade vía modificación orzamentaria vai contar co seu apoio. Pensa que o debate é ridículo, porque deixalo hoxe sobre a mesa non serve de nada, dado que non vai haber acordo, e por iso gustaríalle que hoxe se votaran os orzamentos.

O Sr. Soto Pérez di que nada se moveu para que IxV teña que cambiar a súa postura. Considera que para a reunión do luns pasado debiu convocarse con antelación, porque convocar da mañá para a tarde complica poder asistir. Di que na discusión dos orzamentos entra todo, tamén a política fiscal do concello e neste momento prestarían o seu apoio a cambio de que se cambiasen certas cousas. Lembra que cando votaron en contra dos actuais orzamentos –lembra que tamén o fixo o PSOE – pensaban que non era necesaria unha secretaria para o alcalde, e seguen pensando que é un gasto supérfluo. Agarda que se lles entreguen uns informes que solicitaron e lembra que se lles impediu presentar emendas a modificacións orzamentarias, e no Consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados manteñen outra postura. Non entende a urxencia do pleno porque o tenente de alcalde dixo que os actuais son tan bos que valen para este ano e para o que ven. Repite que deben emitirse os informes pedidos e quere que se lle aclare se é posible presentar emendas aos orzamentos; se existe diverxencia entre a postura da Secretaría e autores de prestixio que escriben no Consultor, que se pida un informe á Deputación. Están dispostos a ceder, pero dalle a impresión de que o alcalde quere aproveitar a vía que ofrece o lexislador para pasar a apisonadora unha vez máis. Afirmo que o BNG noutros concellos está recurrido a

aprobación dos orzamentos en concellos coma Bergondo ou Teo. Invita ao alcalde a que os orzamentos queden sobre a mesa, e se lles vai convocar a unha reunión sinale agora a data e non os convoque a traición.

O Sr. Santos Vázquez pide desculpas pola ausencia do portavoz do grupo, por motivos de traballo, e pide tamén que queden sobre a mesa os orzamentos.

O Sr. Rodríguez Blanco di que aos concelleiros non adscritos ignóraos totalmente, e xa lle anunciou que se non os convocaba, ían solicitar que quedaran sobre a mesa. Di que non só non cambiou nada, senón que foi a peor: un pleno dun día para outro, ás nove da mañán. Ata que se reúna con eles, van pedir que quede sobre a mesa sempre.


O alcalde di que está máis que debatido o asunto, pero quere dicirlle dúas cousas: primeiro, que os orzamentos en vigor son uns bos orzamentos, para mostra a liquidación do 2013, sen parangón nos últimos tempos; o que non quere dicir que non precisen actualizarse, por exemplo para pagar a liquidación da EDAR que veñen de aprobar, ou a factura de Fenosa do 2010. Xa ve que o concelleiro non adscrito está anunciando un recurso, e considera difícil negociar con quen o está denunciando nos xulgados. Se non lle parece ben o que estableceu o lexislador, ten recurrir ao Constitucional, e se declara que é inconstitucional entón o Congreso modificará a lei, pero mentras estea vixente teñen dereito a aplicala. Pregunta que se pode esperar de quen utiliza fraudulentamente a lei para paralizar a administración. Se van pedir sempre que quede sobre a mesa, están facendo un fraude de lei, porque os motivos teñen que ser tasados. Di que se enterou onte que presentaron unha nova denuncia contra el, o tenente de alcalde e algún funcionarios e pregunta se é ese o bo clima que piden. Dado que esto é o que hai de fondo, anuncia que vai someter a votación o ditame da comisión.

A Sra. Rodríguez Ordóñez pide a palabra. Concedido o uso da palabra, di que eles pediron que quede sobre a mesa, e quere que lle diga a secretaria porque non se vai deixar sobre a mesa.

O alcalde replica que llo vai dicir el: porque non hai argumento de ningún tipo para que quede sobre a mesa. Eles pediron no anterior pleno buscar un acordo, non se conseguir o luns pero pudo buscarse o martes, mércores ou xoves, pero non lles interesou. Ademais, afirma que o expediente está completo, cos informes preceptivos, por tanto non hai motivo para votar que quede sobre a mesa, e se o votan está utilizando a lei de forma perversa para un uso distinto ao previsto. A finalidade de que quede sobre a mesa non é obstaculizar ao goberno, é porque hai motivos: que o expediente está incompleto, que non é o caso; ou a posibilidade de chegar a acordos, que tampouco é o caso. Polo tanto, o que vai someter a votación é o orzamento, non que quede sobre a mesa.

A Sra. Rodríguez Ordóñez di que a argumentación non é suficiente por dous motivos: que no correo fixeron propostas, xustificaron que non lles era posible asistir o luns e pediron outra reunión, e as certificacións que solicitaron esta mesma mañá non teñen constancia delas, entende pois que non están no expediente. Solicita que quede sobre a mesa ata que teñan as certificacións que solicitaron, e que se convoque a unha reunión á que teñan posibilidade de asistir.

O alcalde di que ten chegado a acordos con IxV e chegar ao pleno e eles incumplen os acordos. Ten interese en chegar a acordos pero sabe que con eles é imposible, porque só queren retrasar, moi ben o explicou o concelleiro non adscrito.



# Concello de Vimianzo

O Sr. Rodríguez Blanco di que o alcalde é un mentireiro, que non dixo eso.

O alcalde di que lle advirte por segunda vez, que faga o favor de non interrompir. Repite que é necesario aprobar os orzamentos, e así o quere o lexislador, e máis na situación económica actual, e non pode ir o concello de Vimianzo contracorrente. Xa había argumentos no anterior pleno para sometelos a votación, e neste pleno vanse votar.

A Sra. Rodríguez Ordóñez pensa que o concello de Vimianzo non solicitou os informes necesarios para saber se pode empregar esa vía, que ademais sería moi interpretable. Di que Bergondo intentouno catro veces e pediu os informes concretos. Entenden que se se fan eses esforzos poderían utilizar esa vía, pero non aproveitar esa posibilidade agora. Crítica a forma en que se fixo a convocatoria da xunta de portavoces e considera que se fixo así para non negociar, igual que celebrar o pleno hoxe ás nove.

O alcalde dille que a está respetando, e como mostra está falando nun turno que non é de debate. Alega que non é a primeira vez que se celebra un pleno ás nove e tampouco que se fan reunións urxentes en temas importantes. Entendería a súa queixa se non houbera oportunidades de diálogo, pero levan catorce días con este tema, e non propuxeron nada na comisión, non pediron tempo para estudalos ata que chegaron ao pleno. Di que o alcalde non ten pedir ningún informe para aplicar a lei, pero outra cousa é que os concellos pioneiros actuaran con cautela e pediran os informes que agora manexan todos.

A Sra. Rodríguez Ordóñez pide intervir para unha aclaración.

O alcalde advirte que é a última vez que lle da a palabra.

A concelleira de IxV pide que conste en acta que solicitan de novo deixalo sobre a mesa e o deber do alcalde é someter esta petición a votación.

O alcalde somete a votación os orzamentos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por catro votos a favor do BNG, sete abstencións do PSOE, IxV, PP e non adscritos (os Sres. Soto Pérez, Rodríguez Ordóñez, Hermida Tomé, Santos Vázquez, Rodríguez Blanco e Vázquez Miñones non participan na votación) e ningún voto en contra, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Vimianzo para o ano 2.014 que consta dos seguintes documentos:

LIBRO I.- DOCUMENTOS DO ORZAMENTO.

1. Estados de Gastos e Ingresos, integrados á súa vez polas listaxes proporcionadas pola aplicación informática empregada na levanza da contabilidade.
2. Bases de execución.

LIBRO II. INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

3. Memoria da Alcaldía.
4. Informe económico - financeiro.
5. Anexo de investimentos.
6. Anexo de persoal.
7. Estado da débeda (estado de previsión de movementos e situación da débeda).
8. Liquidación do orzamento anterior e avance da corrente.
9. Recoñecemento extraxudicial de créditos que acompaña ao Orzamento.

Xunto cos informes de Secretaría e Intervención.

SEGUNDO.- Aprobar o cadro de persoal deste Concello para o ano 2.014 coas modificacións propostas aos representantes do persoal.

TERCEIRO.- Anular as modificacións de crédito por transferencia TC/01/2014 e TC/03/2014, ao entenderse xa recollidas no presente borrador de orzamento para o ano 2014.

CUARTO.- Expor ao público o orzamento aprobado inicialmente mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que durante o prazo de 15 días os interesados poidan presentar reclamacións. O orzamento se considerará definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e corenta minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o catro de abril de dous mil catorce.

O alcalde

A secretaria

